

## 1.IDENTIFICACIÓN

### TÍTULO DA TAREFA:

<b>ETAPA</b>	EP	<b>NIVEL</b>	1º EP
<b>ÁREAS</b>	Valores Sociais e Cívicos, <b>Lingua Castelá</b> , <b>Lingua Galega</b> , <b>Matemáticas</b> , <b>Ciencias Sociais</b> , <b>Ciencias Naturais</b> .	<b>MESTRES</b>	Miguel Hernández Nores.

### DESCRICIÓN DA TAREFA:

Dende o campo da arquitectura enmarcamos unha tarefa que vai dende o coñecemento das edificacións e as súas partes, a súa diversidade ao redor do mundo e na nosa comunidade, para despois enlazar coa elaboración de figuras planas e en tres dimensións en diferentes escalas, e como estas conforman unha parte vital das estruturas arquitectónicas, extrapolando as mesmas dende os prototipos iniciais ata outras en gran tamaño.

### XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

A arquitectura conforma un dos campos dentro do ámbito STEAM que nos axudan a propoñer experiencias que transversalizan contidos propios das Matemáticas ou as Ciencias Sociais dun xeito manipulable, un xeito de *aprender facendo*, conectando os aprendizaxes con elementos propios da vida cotiá. Nesta tarefa se escollen elementos de marcos metodolóxicos como o *Design Thinking* ó elaborar prototipos con fins concretos e despois extrapolalos a retos nos que se deban cumprir cometidos, tendo a oportunidade de superar erros, deseñar propostas de mellora que se enfoquen o obxectivo marcado, contando con estratexias cooperativas que axuden a denotar a importancia de traballar xuntas para alcanzar as metas propostas.

### CONTEXTO:

Aula Comedor.

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR (1)

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3	
<p>Asemblea inicial.</p> <p>Recordamos os compromisos da anterior tarefa e reflexionamos sobre a súa consecución.</p> <p>Presentamos e explicamos a sesión.</p>	LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.	LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	
<p>Fase 1 estrutura grupo de expertos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Completar un <i>thinking map</i> sobre:               <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Casas do mundo.</li> <li>○ Partes da casa.</li> <li>○ Arquitectura en Galicia.</li> </ul> </li> </ul>	<p>CSB1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.</p> <p>LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descricións e explicacións elementais.</p> <p>LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.</p>	CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.		LGB1.7.1. A moso respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.
Fase 2 estrutura grupo de expertos:	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e	CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma		LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos

<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo individual: do <i>Caderno de arquitecto</i> de cada alumno/a fai a parte correspondente o seu ámbito de investigación, dos citados anteriormente.</li> </ul>	<p>respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia .</p>	<p>oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.</p>		<p>moi sinxelos.</p>
<p>Fase 3 estrutura grupo de expertos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Facemos tríos, un/unha membro/a de cada un dos grupos de investigación. Cada participante explica o traballo que debe executar na parte correspondente do <i>Caderno de arquitecto/a</i>.</li> </ul>	<p>VSCB3.1.2. Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras.</p> <p>LCB1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.</p>	<p>CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>	<p>CSB3.4.2. Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.</p>	<p>CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.</p>
<p>Elaboramos figuras planas e en 3 dimensións con palillos e plastilina (individual).</p> <p>Dámoslle especial importancia a figura de <i>cubo e pirámide cuadrangular</i>. Con estas xeramos o noso prototipo de casa con palillos e plastilina.</p> <p>Despois ampliamos a escala co material de construcións. Decoramos con telas (en equipo).</p>	<p>MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.</p> <p>EP1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas.</p>	<p>CNB5 2.1 Constrúe alguna estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.).</p>	<p>CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.</p>	<p>VSCB2.2.2. escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo.</p> <p>VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.</p>

<p>Seguimos un plano para elaborar unha construción máis complexa con palillos e plastilina. Xeramos un prototipo (individual)</p> <p>Facemos 2 grupos e realizamos unha construción en gran tamaño. Decoramos con telas. (en equipo)</p>	<p>CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</p>	<p>MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.</p>	<p>MTB4.1.2. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.</p>	<p>MTB4.3.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.</p>
---	---	--	---	---

### 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<p>Asemblea inicial. Sesión 1 (S1 en diante).</p>	<p>Recordamos os compromisos da anterior tarefa e reflexionamos sobre a súa consecución.</p>	<p>Presentamos e explicamos a sesión.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentamos os <i>thinking maps</i> e como se vai dar o traballo colaborativo para completalo.</li> <li>- Explicamos o código de cor de cada grupo e a vinculación co</li> </ul>		

		"Caderno de Arquitecto/a".		
<p>Fase 1 estrutura grupo de expertos (S1):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Completar un <i>thinking map</i> sobre: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Casas do mundo.</li> <li>○ Partes da casa.</li> <li>○ Arquitectura en Galicia.</li> </ul> </li> </ul>	<p>Un dos membros do equipo, asigando polo profe, reparte os recortables en tantos en tantos anacos como compañeiros/as teña dito equipo.</p>	<p>Todas recortan o que lle foi asignado e o colocan no centro da mesa.</p>	<p>Estrutura "Folio xiratorio" co <i>thinking map</i>. Numerando os membros, por quendas, van comentando, colocando a imaxe, modificando o do compañeiro/a anterior, etc.</p>	<p>Teñen a súa disposición ferramentas para manipular información: libro "Casas do mundo", copias con info da arquitectura en Galicia, "Caderno de arquitecto/a".</p>
<p>Fase 2 estrutura grupo de expertos (S1-2):</p> <p>Traballo individual: do <i>Caderno de arquitecto</i> de cada alumno/a fai a parte correspondente o seu ámbito de investigación, dos citados anteriormente.</p>	<p>Finalizado o <i>thinking map</i>, cada grupo fai a súa parte do "caderno de arquitecto", marcada cun código de cor.</p>			
<p>Fase 3 estrutura grupo de expertos (S2):</p> <p>Facemos tríos, un/unha membro/a de cada un dos grupos de investigación. Cada participante explica o traballo que debe executar na parte correspondente do <i>Caderno de arquitecto/a</i>.</p>	<p>Finalizada, o profe fai grupos de 3 membros nos que se xunta alumnado dos 3 equipos. Aquí por quendas, cada un/unha explica como completar o "caderno de equipo" da parte que investigou na fase anterior.</p>			
<p>Elaboramos figuras planas e en 3 dimensións con palillos e plastilina (individual) (S3).</p> <p>Dámoslle especial importancia a figura de <i>cubo e pirámide cuadrangular</i>. Con estas xeramos o noso prototipo de casa con palillos</p>	<p>Elaboramos figuras planas con plantilla de xeito individual. Finalizadas escribimos o nome e as etiquetamos para colocar no museo.</p>	<p>Elaboramos figuras en 3 dimensións. Escribimos o nome equitándoas.</p> <p>Acompañamos a creación especificamente do cubo e</p>	<p>Co material de construcións en gran tamaño, de xeito colaborativo, creamos unha estrutura de "casa" facendo un cubo</p>	<p>Decoramos dita construción con telas e pinzas para agarrar as mesmas.</p>

e plastilina. Despois ampliamos a escala co material de construcións. Decoramos con telas (en equipo).		da pirámide cuadrangular.	e unindo o mesmo o tellado en forma de pirámide cuadrangular.	
Seguimos un plano para elaborar unha construción máis complexa con palillos e plastilina. Xeramos un prototipo (individual) (S4)	Reagrupamos a un dos equipos facendo dous novamente, respectando os compromisos adquiridos e as oportunidades para a súa consecución. O alumando recibe un manual de instrucións para elaborar con palillos e plastilina unha construción máis complexa.	Vamos seguindo todas xuntas a elaboración por pasos marcada co modelo do profe.		
Facemos a construción elaborada no prototipo neste caso en gran tamaño. (S4)	Delimitamos nos dous equipos creados 1-2 portavoces para pedir o material. Os equipos deben de poñerse en comunicación con estes para que pidan o material preciso o profe.	Os equipos contan co mesmo manual que no prototipo para reproducir a construción. Elaboran en gran tamaño, tendo como reto que todos os participantes podan entrar no seu interior.	Completan a estrutura con telas e pinzas.	Experimentan meténdose dentro, colocando outros elementos, etc.

### 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECUSOS DIDÁCTICOS	TEMP.
-------------	-----------	-------------	--------------------	-------

Asemblea inicial. Sesión 1 (S1 en adelante).	Aula comedor.	Gran grupo.	<i>Thinking maps</i> , pizarra pequena.	25 m.
Fase 1 estrutura grupo de expertos (S1): <ul style="list-style-type: none"> <li>• Completar un <i>thinking map</i> sobre: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Casas do mundo.</li> <li>○ Partes da casa.</li> <li>○ Arquitectura en Galicia.</li> </ul> </li> </ul>	Aula comedor.	Equipo de cooperativo.	<i>Thinking maps</i> , tesoiras, pegamento, materias de información (libro “Casas del mundo”, info sobre arquitectura en Galicia, “Caderno de arquitecto/a”).	60 m.
Fase 2 estrutura grupo de expertos (S1-2): Traballo individual: do <i>Caderno de arquitecto</i> de cada alumno/a fai a parte correspondente o seu ámbito de investigación, dos citados anteriormente.	Aula Comedor.	Equipo de cooperativo.	<i>Thinking maps</i> , materias de información (libro “Casas del mundo”, info sobre arquitectura en Galicia) e o “Caderno de arquitecto/a”.	40 m.
Fase 3 estrutura grupo de expertos (S2): Facemos tríos, un/unha membro/a de cada un dos grupos de investigación. Cada participante explica o traballo que debe executar na parte correspondente do <i>Caderno de arquitecto/a</i> .	Aula Comedor.	Equipo de expertos (1 de cada equipo cooperativo, formando 4 equipos de expertos/as”).	<i>Thinking maps</i> , materias de información (libro “Casas del mundo”, info sobre arquitectura en Galicia) e o “Caderno de arquitecto/a”.	40 m.
Elaboramos figuras planas e en 3 dimensións con palillos e plastilina (individual) (S3). Dámoslle especial importancia a figura de <i>cubo</i> e <i>pirámide cuadrangular</i> . Con estas xeramos o	Aula Comedor.	Individual – Colaborativo-Cooperativo.	Tarjetas-plantilla de figuras planas e en 3D, palillos, plastilina, material de construcións, telas, pinzas.	90 m.

noso prototipo de casa con palillos e plastilina. Despois ampliamos a escala co material de construcións. Decoramos con telas (en equipo).				
Seguimos un plano para elaborar unha construción máis complexa con palillos e plastilina. Xeramos un prototipo (individual) (S4)	Aula comedor.	Individual.	Manual de construción, palillos, plastilina.	40 m.
Facemos a construción elaborada no prototipo neste caso en gran tamaño. (S4)	Aula comedor.	Equipos cooperativos.	Material de construción, telas, pinzas.	50 min.

## EXEMPLO DE INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN

ESTÁNDARES VINCULADOS O MOMENTO DE <b>ASEMBLEA</b> .	NUNCA	AS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE
- LGB1.4.1. <u>Atende</u> as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, <u>sen interromper</u> .				
- LGB1.3.1. <u>Participa</u> nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.				
- LGB1.3.2. <u>Sigue unha exposición breve</u> da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.				



<b>ESTÁNDARES VINCULADOS Ó TRABALLO EN EQUIPO.</b>	NUNCA	AS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE
- CNB1.2.1. <u>Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.</u>				
- LCB1.11.1. <u>Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.</u>				
- VSCB3.1.2. <u>Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras.</u>				
- LGB1.7.1. <u>Amosa respecto ás achegas dos e das demais (acepta as críticas/propostas de mellora) e contribúe ao traballo en pequeno grupo.</u>				
- VSCB2.2.2. <u>Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo.</u>				
- VSCB2.4.2. <u>Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.</u>				

<b>ESTÁNDARES PROPIOS DA TAREFA STEAM.</b>	SI	NO
- CSB3.4.2. <u>Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.</u>		
- CSB3.4.1. <u>Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.</u>		
- MTB4.2.1. <u>Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.</u>		
- CNB5 2.1 <u>Constrúe alguna estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.).</u>		
- MTB4.3.1. <u>Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.</u>		

<b>ESTÁNDARES VINCULADOS A ANÁLISE DE INFORMACIÓN</b>	SI	NO
- CSB1.3.1. <u>Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.</u>		
- LGB2.2.1. <u>Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.</u>		
- CNB1.1.1. <u>Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.</u>		

<b>ESTÁNDARES ACTITUDINAIS</b>	NUNCA	AS VECES	CASE SEMPRE	SEMPRE
- CSB1.2.1. <u>Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</u>				